

BASES CONCURSO DE CARTEIS

ANUNCIADORES DA “48.ª FESTA DO QUEIXO” 2023

1.º- O orixinal deberá medir 50x70 cm. Cada autor/a poderá participar cun máximo de 3 traballos, con material e técnica libres, manual, mecánica ou dixital, sempre que estes sexan orixinais. Recoméndase presentar o traballo sobre soporte ríxido de cartón pluma ou similar e con sistema para colgar.

2.º- A obra debe presentarse impresa, sen sinatura de autor/a, que limitará a súa identificación a un lema ou ao título da peza. Debe acompañarse dun sobre pechado coa obra en formato dixital -CD/USB-, unha breve explicación, e os seguintes datos: nome e apelidos, D.N.I., idade, profesión, enderezo, teléfono e correo electrónico.

3.º- O xurado estará composto por persoas relacionadas cos aspectos culturais, musicais e gastronómicos da festa e valorará especialmente: a creatividade do arte final, o impacto visual e a relación coa filosofía do evento. Terá en conta a versatilidade e potencialidade para crear futuras aplicacións gráficas (nas que se engadirá en texto o programa do *Festival do Queixo* e outros ítems). Os queixos que formen parte da imaxe -no seu caso- deberán respectar a morfoloxía lenticular do queixo D.O.P. Arzáa-Ulloa. Deberá figurar como único texto “48.ª FESTA DO QUEIXO. Arzáa. 3, 4 e 5 de marzo de 2023”. No caso de empregar algunha imaxe ou marca que non sexa propiedade do autor/a, deberase xustificar a compra dos dereitos (excluíranse de concurso as obras con imaxes procedentes de internet protexidas por dereitos de autor).

4.º- PRAZO: os orixinais deberán recibirse ata o **12 de decembro de 2022** ás 14 h, na Oficina da Concellaría de Cultura do Concello de Arzáa -Rúa Pai Pardo 33, 1º. 15810 Arzáa- (Edif. Sociocultural María Mariño, a carón de Radio Arzáa e Biblioteca Municipal).

5.º- A elección dos premiados realizarase na Capela da Madanela de Arzúa, o luns 19 de decembro de 2022 ás 14 h. mediante valoración dun xurado cualificado designado polo Concello, agás a do 4.º premio, que será elixido por votación popular o venres 16 de decembro, de 12 a 14 h e de 18:30 a 20:30 h. A dita votación realizarase tamén na Capela da Madanela, podendo presencialmente cada persoa emitir un voto que se corresponderá co número do seu cartel favorito. Poderán participar persoas de calquera idade e nacionalidade e a votación será anónima. O sobre co gañador deste 4.º premio permanecerá pechado ata o luns 19, para entrar tamén na votación final do xurado.

6.º- Todas as pezas estarán expostas na Capela de Madanela do 19 ao 23 de decembro de 2022 e os días 2, 3 e 4 de xaneiro de 2023 (de 18:30 a 20:30 h), así como nas datas da festa. A obra elixida como 1.º premio será o cartel anunciador da 48.ª edición. Os premios serán aboados mediante transferencia bancaria posteriormente ao acordo de concesión que se tomará en 2023 e a entrega simbólica terá lugar no acto inaugural da 48.ª Festa do Queixo, o sábado 4 de marzo de 2023.

7.º- Os 4 orixinais premiados e os seus dereitos de imaxe pasarán a ser propiedade do Concello de Arzúa, que poderá reproducilos, modificalos e aplicalos a distintos formatos e soportes sen autorización do/a autor/a. Os orixinais non premiados poderán recollerse na Concellaría de Cultura ata 60 días despois da festa. Cada gañador só pode levar un único premio, no caso de pertencer ao mesmo autor/a varias pezas premiadas, o premio pasa ao seguinte cartel con maior nº de puntos.

8.º- PREMIOS

1.º premio: 600 €

2.º premio: 300 €

3.º premio: 100 €

4.º premio (votación popular): agasallo especial

9.º- A Organización resérvase o dereito a deixar baleiros os premios, así como a rexeitar para concurso calquera peza que considere, ou que non se axuste ás presentes bases. A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sendo a decisión do xurado inapelable. Os presentes premios serán outorgados con cargo á partida orzamentaria 334.480.02 dos orzamentos do ano 2023 (tramitación anticipada), ata o límite de 1.000 euros. Os premios levarán consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

Arzúa, 28 de outubro de 2022

PREMIOS

Os premios levarán consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

1º 600€

2º 300€

3º 100€

4º agasallo
especial

ORGANIZA



Concello
de Arzúa

amigamos?



facebook.com/festaqueixo



twitter.com/festaqueixo



instagram.com/festadoqueixo



youtube.com/festadoqueixo